

## CALENDARIO DE PRESENTACIÓNS DE ACTIVIDADES

### VENRES 4

- **Concello participante:** Campo Lameiro.
- **Iniciativa que presenta:** Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre.
- **Lugar da Feira:** Espazo Foro.
- **Hora:** 9:45h

Unha viaxe no tempo a través da súa paisaxe prehistórica e das misteriosas imaxes gravadas na pedra, que desafiantes, nos fan vivir unha experiencia única. Con César Abella e José Manuel Rey, xerente de director do Parque respectivamente.

### SÁBADO 5

- **Concello participante:**Portas.
- **Iniciativa que presenta:** Difusión Domingo Fontán.
- **Lugar da Feira:** Espazo Foro.
- **Hora:** 11:30.

O concello de Portas difunde a figura de Domingo Fontán, matemático, político e topógrafo, así como os actos vinculados a este persoeiro. Co relator José Braulio Mondragón.

- **Concello participante:** Moaña.
- **Iniciativa que presenta:** Circuitos Teatrais.
- **Lugar da Feira:** Espazo Libro. **Hora:** 11:45h.  
Coa participación do actor e director Celso Parada.

- **Concello participante: A Lama.**
- **Iniciativa que presenta: Revista Cultural A Predreira.**
- **Lugar da Feira: Espazo Libro.**
- **Hora: 12:15h.**  
Con Cristina Villaverde Ruibla, coordinadora do proxecto, e Patricia Domínguez Rodríguez.
  
- **Concello participante: Covelo.**
- **Iniciativa que presenta: Ciclo Música Relixiosa.**
- **Lugar da Feira: Espazo Foro.**
- **Hora: 13:00h.**  
Ademais de presentar este ciclo, un avance do que será a vindeira edición dun festival que ten lugar nun espazo extraordinario. Con Nieves García-Soto, directora artística, e o párroco Rafael Antela.
  
- **Concello participante: Bueu.**
- **Iniciativa que presenta: Festival Internacional de Curtas.**
- **Lugar da Feira: Espazo Foro.**
- **Hora: 20:00h.**  
Un achegamento a este festival coa proxección da curta gañadora en 2015: Unary, dirixida por Luis Avilés e protagonizada por Morris. Con Manuel Pena, director do festival.
  
- **Concello participante: Salceda de Caselas.**
- **Iniciativa que presenta: Concerto Batemento.**
- **Lugar da Feira: Espazo Carpa.**
- **Hora: 20:30h.**

Fusión de música tradicional e tecnoloxía. Músicas do mundo con Cristian Vázquez, Aitor Domínguez e Afonso Valdomero.

## DOMINGO 6

- **Concello participante: Moaña.**
- **Iniciativa que presenta: Festival Intercéltico.**
- **Lugar da Feira: Espazo Carpa.**
- **Hora: 11:15h.**

Con música, así se presenta o festival. A cargo dos músicos de Moaña, raíz e folk. Con Cavier Blanco, Anxo Lorenzo, Iván Costa e Salvador Meira.

- **Concello participante: Oia.**
- **Iniciativa que presenta: Proxecto Costa dos Castros.**
- **Lugar da Feira: Espazo Foro.**
- **Hora: 11:30h.**

A unión de varios entes do concello de Oia para poñer en común distintas iniciativas que se estaban levando a cabo por separado. O obxectivo principal é a dinamización turística da contorna. Coa participación da alcaldesa Cristina Correa e o coordinador do proxecto Xosé Gago.

- **Concello participante: Cambados.**
- **Iniciativa que presenta: Xornadas Manolo Paz.**
- **Lugar da Feira: Espazo Foro.**
- **Hora: 13:00h.**

Presentación da proxección educativa, artística e turística da fundación dedicada ao escultor, que estará presente no acto xunto ao técnico de cultura José Luis Vaamonde.

- **Concello participante:** Catoira.
- **Iniciativa que presenta:** Proxecto 'Segue os vikingos. Follow the Vikings'.
- **Lugar da Feira:** Espazo Foro.
- **Hora:** 13:30h.

O concello de Catoira, xunto con outras 14 entidades de países europeos, está desenvolvendo un programa de catro anos de duración, orientado a difundir e poñer en valor o patrimonio e o legado viquingo. Coa técnica Elisa Castaño e a redactora do proxecto do Centro de Interpretación Torres do Oeste, Andrea Serodio.

- **Concello participante:** Cuntis.
- **Iniciativa que presenta:** Castro de Castrolandín e Lacón con Grelos.
- **Lugar da Feira:** Espazo Foro.
- **Hora:** 14:00h.

Preséntase a feira gastronómica do Lacón con grelos, declarada de interese turístico desde 2010 e o xacemento castrexo de referencia de Castro de Castrolandín. Co concelleiro de Cultura José Enrique Portela.